

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno
correspondente ó día 4 de agosto de 2020

Con data catro de agosto do ano dous mil vinte, ás once horas, reúnese a Xunta de Goberno da Deputación a través do sistema de videoconferencia (a través do enlace lifesizecloud.com remitido coa convocatoria), co fin de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente:

D. José Manuel Baltar Blanco

Deputados/as:

D. Rosendo Luis Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D.^a Ana María Villarino Pardo

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Luz Doporto Real

D. Armando Ojea Bouzo

Secretario:

D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a Mónica Legaspi Díaz

Iniciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do modo que se reflicte a continuación:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE XULLO DE 2020.- A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de xullo de 2020.

Non se producen intervencións, polo que a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

- Aprobar a acta da sesión ordinaria do día 28 de xullo de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2.- APRÓBASE DEIXAR SEN EFECTO A CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN, POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS PARA REALIZAR DURANTE O EXERCICIO 2020 (BOP N.º 63, DO 17 DE MARZO DE 2020).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Deixar sen efecto a convocatoria e as solicitudes presentadas ó abeiro do acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a entidades deportivas e entidades sen ánimo de lucro para a organización de eventos deportivos 2020 (BOP n.º 63 de data 17.03.2020).

Segundo: As solicitudes presentadas antes da publicación deste acordo serán arquivadas sen máis trámite, por ter quedado sen obxecto a súa pretensión, o que se fai público para os efectos da resolución do procedemento, de conformidade co previsto no artigo 21.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Terceiro: Ordenar a publicación deste acordo no BOP, na sede electrónica provincial e dar comunicación deste á BDNS.

3.- APRÓBASE DEIXAR SEN EFECTO A CONVOCATORIA DO PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN, POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS E MANCOMUNIDADES PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIVAS DURANTE O EXERCICIO

2020 (BOP N.º 65, DO 20 DE MARZO DE 2020).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Deixar sen efecto a convocatoria e as solicitudes presentadas ó abeiro do acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso para a concesión de subvencións a concellos e mancomunidades para a organización de actividades físico-deportivas 2020 (BOP n.º 65, de data 20.03.2020).

Segundo: As solicitudes presentadas antes da publicación deste acordo serán arquivadas sen máis trámite, por ter quedado sen obxecto a súa pretensión, o que se fai público para os efectos da resolución do procedemento, de conformidade co previsto no artigo 21.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Terceiro: Ordenar a publicación deste acordo no BOP, na sede electrónica provincial e dar comunicación deste á BDNS.

4.- APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A CLUBS DEPORTIVOS DE OURENSE PARA O ANO 2020.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Resolver de forma definitiva o concurso público para a concesión de subvencións a clubs deportivos de Ourense para o ano 2020, co seguinte detalle:

1º) Non admitir a trámite a alegación presentada polo Club Miguez Team, por non ser interesado nos expedientes para os que solicita a súa revisión, segundo se indica na parte expositiva da acta que consta para coñecemento na Sección de Subvencións.

2º) Desestimar, integramente, as alegacións presentadas polo Club Deportivo Santo Cristo, polos motivos incluídos na parte expositiva da acta que consta na Sección de Subvencións.

3º) Estimar a alegación presentada polo Club Esquí Náutico Dummies, polo motivo indicado na parte expositiva da acta.

4º) Non admitir a trámite a seguinte solicitude, por non presentar a documentación valorable, non sendo esta emendable.

- Escuela Ourensana Municipal de Piragüismo- G32262479

5º) Excluír da valoración, as solicitudes que se indican, por non presentar certificado de licenzas, ou por non acreditar suficientemente na súa documentación o requisito previsto na letra d) do apartado primeiro da base segunda da convocatoria, que literalmente di: *“Posuír, polo menos, un equipo de base acreditado, é dicir, inferior á categoría senior ou absoluta”, e no caso de disciplinas individuais, posuír un mínimo de dez licenzas federativas de deportistas de base en competición”*.

- Atletismo Arenteiro- Atletismo – G32499159
- Unión Popular Taboadela-Fútbol- G32265209
- Club Deportivo Maceda- Fútbol-G32104648

- Club Deportivo Allariz- Fútbol-G32209330
- Sporting Celanova-Fútbol-G32183865
- Padel Prix Club Deportivo-Padel-G32451650
- Escudería Ourense- Automovilismo-G32027344
- Escudería Taboadela-Automovilismo-G32503237

6º) Aceptar a renuncia á solicitude de subvención presentada por:

- Ourense Club de Fútbol, SAD- Polideportivo-A32156879

7º) Concederlles, conforme á valoración efectuada, as subvencións, polos importes que se indican, ás seguintes solicitudes:

NOME ENTIDADE	MODALIDADE	CIF	PROPOSTA SUBVENCIÓN
Grupo I – Nacional -			
CLUB HOCKEY BARROCÁS	HOCKEY	G32115792	11605 €
CAMPUS UNIVERSITARIO RUGBY	RUGBY	G32320996	11783 €
CLUB VOLEIBOL OURENSE	VOLEIBOL	G32146391	11850 €
CLUB VOLEY PLAYA MILENIO OURENSE	VOLEIPRAIA	G32482572	4000 €
Grupo II – Autonómica-Nacional			
CLUB ADAS	ATLETISMO	G32027195	8570 €
CLUB POLIDEPORTIVO ATHLOS	BADMINTON	G32028292	8723 €
C. D. TRES LUNAS QUEREÑO	CICLISMO	G32474538	3864 €
CLUB CICLISTA MACEDA	CICLISMO	G32028813	8140 €
CLUB ESQUÍ NAÚTICO DUMMIES	ESQUÍ NAÚTICO	G32278129	3800 €
SALA OURENSE 2014	FUTBOL SALA	G32442196	6460 €
PIZARRAS LOS TRES CUÑADOS	FUTBOL SALA	G32400277	5564 €
CLUB HOCKEY ALBOR	HOCKEY	G32031155	6289 €
CLUB WATERPOLO PABELLON OURENSE	WATERPOLO	G32358632	5000 €
CLUB DEPORTIVO XADREZ OURENSE	XADREZ	G32361271	7508 €
ESCOLA XIMNASIA BURGAS	XIMNASIA	G32269201	7644 €
CLUB XIMNASIA PAVILLON OURENSE	XIMNASIA	G32312589	9660 €
CLUB OURENSE ATLETISMO	POLIDEPORTIVO	G32314379	9916 €
CLUB NATACION PABELLON OURENSE	POLIDEPORTIVO	G32310336	7833 €
CLUB CARMELITAS VEDRUNA	POLIDEPORTIVO	G32227183	10028 €

Grupo III - Autonómico			
CLUB BALONCESTO ALLARIZ	BALONCESTO	G32101644	5535 €
FEMININO SIL BALONCESTO BARCO	BALONCESTO	G32106411	4614 €
CLUB DEPOORDIMA	BALONCESTO	G32374894	3226 €
CLUB BALONCESTO FEMENINO OURENSE	BALONCESTO	G32023533	2899 €
ASOCIACION BALONCESTO XINZO	BALONCESTO	G32358186	3657 €
ESCOLA BALONMAN RIBADAVIA	BALONMAN	G32441867	2730 €
A. DEPORTIVA BALONMANO CARBALLIÑO	BALONMAN	G32375230	2203 €
CLUB OLIMPOS	BOXEO	G32332561	1595 €
ESCOLA FUTBOL FEMENINO ROSALIA	FUTBOL	G32492621	4597 €
CLUB DEPORTIVO VELLE	FUTBOL	G32147761	5212 €
CLUB CARBALLIÑO FUTBOL SALA	FUTBOL SALA	G32219545	4245 €
UD BARBADÁS	FUTBOL	G32264814	4202 €
REAL MONTEALEGRE CLUB DE GOLF	GOLF	A32144461	3616 €
CLUB HALTEROFILIA PABELLON	HALTEROFILIA	G32313991	3341 €
DEPORTIVO ECUESTRE DE OURENSE	HIPICA	G32324865	1981 €
A.D. OURENSE HOCKEY CLUB	HOCKEY	G32249419	2982 €
CLUB HOCKEY SANTIAGO APOSTOL	HOCKEY	G32033458	3459 €
CLUB DEPORTIVO SANTO CRISTO	HOCKEY	G32027443	2557 €
CLUB HOCKEY CIDADE DE OURENSE	HOCKEY	G32304354	3106 €
ASOCIACIÓN ESCALADORES OURENSÁNS	MONTAÑISMO	G32341943	3653 €
AVIAMANTRAIL&TRI MASIDE	MONTAÑISMO	G32505950	1067 €
XIMNASIO ESTUDIO A VALENZÁ	KARATE	G32289274	1350 €
WUSHU KUNGFU CLUB OURENSE	KUNG FU	G32393811	1516 €
C. NATACION SINCRONIZADA OURENSE	NATACION	G32341893	4975 €
CLUB DEPORTIVO OURELA	PATINAXE	G32441065	3437 €
CLUB PATINAXE AEHDE CARBALLIÑO	PATINAXE	G32440828	2896 €
CLUB PATINATOUR	PATINAXE	G32403917	2800 €
CLUB PATINAXE ARTISTICO FENIX	PATINAXE	G32463960	1800 €
CLUB FLUVIAL O BARCO	PIRAGÜISMO	G32132318	3286 €
CLUB FLUVIAL AVIÓN	PIRAGÜISMO	G32385304	2879 €
CLUB FLUVIAL ALLARIZ	PIRAGÜISMO	G32102899	4014 €
SCDX FONTEFRÍA	PIRAGÜISMO	G32016057	2300 €
CLUB SALVOUR	SALVAMENTO Y SOC.	G32421778	4930 €
CENTRO DEPORTIVO COUTO A.D.	TAEKWONDO	G32269573	3952 €

C.D. DEREITO EMPRESARIAIS	TENIS	G32218760	1974 €
CLUB TENIS RUA	TENIS	G32136350	2200 €
BURGAS VOLEIBOL	VOLEIBOL	G32432130	2697 €
CLUB VOLEIBOL SANMARTÍÑO	VOLEIBOL	G32133969	5843 €
CLUB OURENSE VOLEI PRAIA	VOLEIPRAIA	G32364978	3692 €
ASOC.DEP. GIMNASIO DINAMIC CENTER	WUSHU	G32232985	4073 €
XADREZ CEIP PEREIRO DE AGUIAR	XADREZ	G32431835	2800 €
CLUB MARUSIA OURENSE	XIMNASIA	G32402836	4269 €
CLUB XIMNASIA ESCOLA PAVILLÓN	XIMNASIA	G32346751	6322 €
CLUB PEÑA TREVINCA BARCO	ORIENTACIÓN	G32022626	3295 €
ESCOLA DEPORTIVA OURENSE	POLIDEPORTIVO	G32313132	6629 €
CLUB SANTO DOMINGO	TENIS	G32004244	2625 €
CLUB NAUTICO CASTRELO DE MIÑO	VELA	G32158461	3474 €
ASOCIACION DEPORTIVA LIMIACTIVA	ATLETISMO	G32341067	2331 €
CLUB DEPORTIVO LA PURISIMA	POLIDEPORTIVO	G32411381	4958 €
ESCOLAS DEPORTIVAS CONCELLO VERIN	POLIDEPORTIVO	G32420952	3717 €
ASOCIACION DEPORTIVA BOSCO	POLIDEPORTIVO	G32147357	6501 €
ESCUELAS DEPORTIVAS ARTAI	KUNG FU	G32352593	3473 €
PABELLON OURENSE CLUB DE FUTBOL	FUTBOL	G32300790	6345 €
CENTRO DE TIRO OLIMPICO EIROÁS	POLIDEPORTIVO	G32019077	5108 €
Grupo IV Provincial			
C.D. BBALL OURENSE	BALONCESTO	G32475295	1677 €
ASOCIACION BASKET OURENSE	BALONCESTO	G32215733	1481 €
CLUB BALONCESTO XUVENTUDE VERIN	BALONCESTO	G32283475	2309 €
MAESE RIDERS TEAM	CICLISMO	G32503252	1380 €
E.D. TERRAS DE MASIDE	FUTBOL	G32501678	2085 €
ESCOLA DEPORTIVA PROMESAS	FUTBOL	G32493827	1573 €
CLUB DEPORTIVO RUA	FUTBOL	G32133886	3192 €
S.D. NOGUEIRA DE RAMUIN	FUTBOL	G32190761	2102 €
CLUB DEPORTIVO SEIXALBO	FUTBOL	G32459430	1474 €
XUVENTUDE OURENSE FUTBOL SALA	FUTBOL SALA	G32501579	1752 €
A PEROXA	FUTBOL	G32028565	2320 €
LOÑOÁ CLUB DE FUTBOL	FUTBOL	G32414740	1442 €
ANTELA FUTBOL CLUB	FUTBOL	G32031643	2805 €
SOCIEDAD DEPORTIVA VALENZÁ	FUTBOL	G32137200	1999 €

A.C.D. CARTELLE	FUTBOL	G32369449	1147 €
COUTO OURENSE FUTBOL SALA	FUTBOL SALA	G32224479	2341 €
CLUB ESCOLA VERACRUZ FUTBOL SALA	FUTBOL SALA	G32493587	1482 €
C.D. FUNDACION CIPRI GOMES	KICKBOXING	G32473316	1424 €
KICKBOXING CLUB XINZO	KICKBOXING	G32468829	1351 €
BLACK KICK COMPETICIÓN	KICKBOXING	G32351058	1379 €
ESCUELA DE KICKBOXING CIPRI GOMES	KICKBOXING	G32352478	1428 €
CLUB TRIATLON CARBALLIÑO GIM. OLIM.	TRIATLÓN	G32379190	1754 €
C.D. CULTURAL SANTA TERESITA	FÚTBOL	G32227043	3123 €
RIBEIRO DO AVIA FUTBOL CLUB	FÚTBOL SALA	G32298655	1669 €
ESC. DEPORTIVAS CONCELLO CELANOVA	POLIDEPORTIVO	G32369480	2432 €
ESC. DEPORTIVA CONCELLO MACEDA	POLIDEPORTIVO	G32483307	2656 €
ESC. DEPORTIVA CONCELLO XINZO	POLIDEPORTIVO	G32398612	3204 €
SOC. DEP. CULTURAL ARRABALDO	FÚTBOL	G32278541	2567 €
CLUB DEPORTIVO PABELLON PROMESAS	FUTBOL	G32308074	2781 €
CLUB MARISTAS OURENSE	POLIDEPORTIVO	G32124273	3439 €
CLUB DEPORTIVO MIRAFLORES	FUTBOL SALA	G32422248	828 €

8º) Ampliar o prazo xeral de xustificación das subvencións concedidas e establecido nas bases de convocatoria ata o día 15 de decembro de 2020.

9º) Ordenar a publicación do pertinente acordo de resolución no BOP e na sede electrónica da Deputación Provincial, así como a acta da Comisión de Valoración na referida sede electrónica, para coñecemento e efectos oportunos.

5.- APROBACIÓN DA RESOLUCIÓN DO CONCURSO PÚBLICO DE SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, A PERSOAS FÍSICAS QUE LEVEN A CABO PROXECTOS EMPRESARIAIS E DE AUTOEMPREGO EN CONCELLOS RURAIS DE MENOR POBOACIÓN, NO MARCO DO PROXECTO EMPRENDOU.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Concederlles subvención, no concurso público de subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, a persoas físicas que leven a cabo proxectos empresariais e/ou de autoemprego en municipios rurais en declive demográfico da provincia de Ourense, no marco do proxecto emprendOU, ás persoas identificadas e pola contía indicada a continuación:

N.º	NOME E APELIDOS	DNI	CONCELLOS	PROXECTO	TEMPO MÁXIMO SUBVENCIÓN	IMPORTE MENSUAL SUBVENCIÓN
1	ZAIRA SEARA ANTUNEZ	***9725**	AMOEIRO	ADESTRAMENTO E COIDADADO DE ANIMAIS	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
2	IVAN PRIETO BAÑOS	***4195**	BANDE	SERVIZOS DE PUBLICIDADE	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€

3	ALBA MARTINEZ SOTELO	***3492**	GOMESENDE	LIMPEZA EN XERAL	Podendo ser ata un máximo de 12 meses	712,50€
---	-------------------------	-----------	-----------	---------------------	---	---------

6.- APROBACIÓN ESTABLECEMENTO DE NOVA TARIFA TEMPORAL NOS PREZOS FIXADOS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO PAZO DOS DEPORTES PACO PAZ.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade adoptou o seguinte acordo:

1º) Establecer, ante a previsión de apertura no mes de setembro en similares condicións ás actuais, unha nova tarifa temporal, pola prestación de servizos e realización de actividades no Pazo dos Deportes Paco Paz, ata agora inexistente, para un mes, por importe de 20,00 €, que deixará de ser de aplicación, cando o Pazo dos Deportes retome a súa programación ordinaria porque cesen as limitacións impostas polas circunstancias extraordinarias actuais, motivadas polas circunstancias derivadas do COVID 19.

2º) Publicar este acordo no BOP, para xeral coñecemento.

7.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2020-2021 E FIXACIÓN DE PREZOS PARA AS ACTIVIDADES DA ESCOLA PROVINCIAL DE ARTES E OFICIOS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobar a programación da Escola de Artes e Oficios para o curso académico 2020-2021, co seguinte contido:

1.- Accións formativas

A Escola desenvolverá a formación nas seguintes disciplinas artísticas.

Debuxo e iniciación á pintura

Perfeccionamento en pintura

Talla e escultura en madeira

Modelado-escultura en barro

Oleiría

2.- Calendario

O calendario do curso será dende o día 1 de outubro de 2020 ao día 30 de xuño de 2021.

Impartiranse dúas (2) horas de docencia diarias de cada disciplina en días hábiles, de luns a venres, e en horarios que fixará a Dirección da Escola. Os profesores disporán dunha (1) hora diaria de preparación das súas clases.

En función da matrícula existente, a Dirección poderá organizar o contido de cada disciplina nos grupos e horarios que se estimen máis convenientes. Por razón de seguridade en materia sanitaria, estableceranse dúas quendas en días alternos, se a matrícula o fai preciso.

A impartición dos cursos levarase a cabo nas aulas da Escola de Artes e Oficios utilizando os medios e materiais dispoñibles. Non obstante o anterior, o material de traballo de cada alumno (pintura, lenzos, molduras, etcétera) será por conta deste. Como excepción, no curso de oleiría e modelado, a Deputación poderá adquirirlle o barro a un distribuidor e cobrarlle ao alumno a prezo de custo, sen prexuízo de que estes poidan adquirilo pola súa conta, se así o desexan. Este curso, as disciplinas de debuxo e iniciación á pintura e perfeccionamento en pintura desenvolveranse nas novas instalacións da rúa da Canle.

3.- Prazo e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.

O prazo de inscrición será durante os días 1 ao 30 de setembro de 2020, ambos incluídos. A inscrición realizarase no Centro Cultural “Marcos Valcárcel” (rúa Progreso, n.º30) no modelo normalizado dispoñible nas ditas oficinas e esixirá o ingreso da matrícula anual establecida.

A presentación do formulario de inscrición coa acreditación de pago da matrícula permitirá entender automaticamente realizada esta. Poderán matricularse alumnos a partir dos 12 anos de idade.

4.- Prezos públicos pola participación en accións formativas

Matrícula anual por disciplina: 50,00 €

Aboamento mensual por disciplina: 10,00 €/mes por alumno

A matrícula debe ser pagada no momento da inscrición, constituíndo requisito previo imprescindible para a súa efectividade.

O pago da cota mensual deberase efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días de cada mes. A falta de pago dará lugar de forma automática á suspensión do dereito de asistencia ao curso, que se manterá ata que se realice o referido pago.

O prezos públicos indicados inclúen o IVE correspondente.

Bonificacións: En todos os prezos públicos aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que teñan a condición de desempregados. A acreditación da condición de desempregado realizarase mediante unha certificación expedida polo Servizo Público de Emprego.

Ao abeiro do establecido no artigo 4.1.c da Ordenanza Reguladora da Escola de Artes e Oficios, establécese unha bonificación do 100% tanto na matrícula anual como no aboamento mensual en todas as disciplinas para as persoas con síndrome de Down e persoas cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33%. Para o acceso á dita bonificación, os interesados deberán acreditar o seu grao de discapacidade.

2º) Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

3º) Dar conta deste acordo na comisión informativa competente na primeira reunión que teña lugar.

8.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2020-2021 E FIXACIÓN DE PREZOS PARA AS ACTIVIDADES DO CCP XAQUÍN LORENZO-ESCOLA DE DANZA.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobar a programación do curso 2020-2021 e a fixación de prezos para as actividades do CCP Xaquín Lorenzo-Escola de Danza, nos seguintes termos:

1.- ACTIVIDADES:

1- Obradoiro de Baile tradicional

2- Obradoiro de Canto tradicional e pandeireta

3- Obradoiro de Gaita para grupos de acompañamento de baile tradicional

4- Obradoiro de Tecido Artesán en Teares tradicionais

5- Obradoiro de xogos populares

- Obradoiro de Baile tradicional: Dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- N.º Prazas por actividade: 200.

- Duración do curso: dende o día 1 de outubro ata o 15 de xuño.

- Horarios: de luns a sábado de 17.30 h a 21.00 h en función da idade e o nivel dos alumnos.

- Tempo de clase: será de 1'30 hora semanal.

- Obradoiro de Canto tradicional e pandeireta: Dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de cinco anos sen límite de idade e sen necesidade de ter coñecementos previos sobre a materia.

- N.º Prazas por actividade: 150.

- Duración do curso: dende o día 14 de outubro ata o 15 de xuño.

- Horarios: de luns a venres, de 17.30 h a 20.30 h, en función da idade e o nivel dos alumnos.

- Tempo de clase: será de 1'30 hora semanal.

- Obradoiro de Gaita para acompañamento de grupos de baile tradicional: Dirixidas a todas as persoas interesadas na cultura popular a partir de oito anos, sen límite de idade.

- Duración do curso: dende o día 14 de outubro ata o 15 de xuño.

- N.º prazas: 30.

- O tempo de clase: 1 hora semanal

- Horario: Venres de 19.30 h a 22.00 h en función da dispoñibilidade, da idade e o nivel dos alumnos.
- Obradoiro de Tecido Artesán en Teares tradicionais: orientado para adultos.
 - N.º prazas por curso: 30.
 - Duración do curso:
 - 1º Curso dende o día 1 de outubro ata 31 de xaneiro.
 - 2º Curso dende o día 1 de febreiro ata o 15 de xuño.
 - Horarios de luns a venres de 17.30 h a 20.30 h (opción de realizalo pola mañá).
 - Tempo de clase: 3 horas semanais.
- Obradoiro de xogos populares: Programa gratuito dirixido a todos os centros educativos de Educación Primaria e Secundaria da provincia de Ourense.
 - Duración do curso: o obradoiro realizarase en cada centro, entre os meses de novembro e xuño en horario lectivo, con adaptadas ao horario lectivo do centro.
 - No período de xuño ata setembro as actividades levaranse a cabo nos concellos e asociacións da provincia, previa solicitude.
 - Recursos materiais. O CCP Xaquín Lorenzo conta con todo o material de xogo preciso para a realización do programa.

2.- PRAZOS E PROCEDEMENTO DE INSCRICIÓN

- Dende o día 14 de setembro ata o día 31 de outubro formalización da matrícula.
- As inscricións realizaranse no CCP Xaquín Lorenzo, situado no Centro Comercial As Lagoas, Praza Daniel González, no modelo normalizado facilitado no propio centro previo pago das taxas establecidas.

- Os centros interesados no Obradoiro de xogos populares, deberán remitir a súa solicitude ao Rexistro da Deputación a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no BOP e ata o día 19 de outubro. Os interesados deberán presentar as solicitudes, dirixidas á Presidencia da Deputación de Ourense, no Rexistro Xeral da Deputación ou a través de calquera outro medio dos previstos no artigo 38.4 de Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo.

3.- PREZO PÚBLICO

-Prezo público das actividades: 40 € en concepto de matrícula. En caso de varios membros da mesma unidade familiar, o primeiro membro pagaría 40 € por matrícula e os restantes 15 € cada un deles. Para os alumnos que estiveron matriculados no curso 2019-2020 e que pola cancelación do curso o 13 de marzo por causa do COVID-19 non puideron acabalo realizando só un 66,66% deste, aplicaráselle unha bonificación do 33,33%, quedando a matrícula en 26,66€ por alumno (10€ para os seguintes membros da mesma unidade familiar).

-Aplicaráselles unha bonificación do 100% aos alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados.

-Prezo público por cada obradoiro de tecido tradicional en teares 55 € en concepto de matrícula. Para os alumnos que estiveron matriculados no 2º obradoiro do curso 2019-2020 (1 de febreiro ao 15 de xuño) e que pola cancelación do curso o 13 de marzo por causa do COVID-19 non puideron acabalo realizando só un 33,33% deste, aplicaráselle unha bonificación do 66,66%, quedando a matrícula en 18,33€ por alumno.

A programación dos diferentes cursos así como toda a información pertinente estará dispoñible para todos os interesados nas dependencias da propia Escola.

2º) Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

3º) Dar conta deste acordo na comisión informativa competente na primeira reunión que teña lugar.

9.- APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO CURSO 2020-2021 E FIXACIÓN DE PREZOS PARA AS ACTIVIDADES DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS DA REAL BANDA DE GAITAS DE OURENSE.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

1º) Aprobar a programación e oferta de prazas, para o curso 2020-2021, da Escola Provincial de Gaitas e da Real Banda de Gaitas de Ourense, nos seguintes termos:

Para seguir a programación académica contida nos programas dos distintos cursos, a actividade docente iniciárase o 1 de outubro de 2020 e rematará o 30 de xuño de 2021, impartíndose hora e media semanal por materia, á parte do mesmo tempo de ensaio semanal e actuacións coas distintas agrupacións da Escola.

Cada disciplina contará con profesor específico.

A actividade docente realizarase na Escola Provincial de Gaitas situada no Campus Universitario de Ourense.

Cada alumno achegará o seu material didáctico.

O prazo de matrícula será do 1 de setembro ó 31 de outubro, ambas datas inclusive. Excepcionalmente poderanse realizar matrículas ó longo do curso, especialmente cando se trata de alumnos estranxeiros ou grupos de centros galegos da emigración.

O prezo da matrícula por curso académico e materia (gaita, percusión, zanfona, canto e pandeireta) será de 40 €. En caso de varios membros da mesa unidade familiar, o primeiro membro pagará 40 € por matrícula e os restantes 15 € cada un deles. Aplicaráselles unha bonificación do 100% ós alumnos que sexan desempregados ou fillos de desempregados.

A programación dos cursos, así como toda a información estará dispoñible para os interesados nas dependencias da Escola de Gaitas.

Oferta de prazas da Escola Provincial de Gaitas da Deputación de Ourense curso 2020-2021:

Ciclo elemental gaita

Preparatorio 1: 20 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

Ciclo medio gaita

1º curso: 40 prazas

2º curso: 40 prazas

3º curso: 40 prazas

Ciclo superior gaita

1º curso: 10 prazas

2º curso: 10 prazas

3º curso: 10 prazas

4º curso: 5 prazas

Curso adultos gaita

1º curso: 40 prazas

2º curso: 20 prazas

Percusión

1º curso: 20 prazas

2º curso: 20 prazas

3º curso: 20 prazas

Curso especial: 10 prazas

Canto e pandeireta

Preparatorio 1: 15 prazas

Preparatorio 2: 20 prazas

1º curso: 20 prazas

2º curso: 20 prazas

3º curso: 20 prazas

Curso adultos canto e pandeireta

1º curso: 30 prazas

2º curso: 30 prazas

Zanfona

1º curso: 10 prazas

2º curso: 10 prazas

3º curso: 10 prazas

2º) Ordenar a publicación deste acordo no BOP, para xeral coñecemento.

3º) Dar conta deste acordo na comisión informativa competente, na primeira sesión que teña lugar.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN EMPRESARIAL DE VALDEORRAS PARA GASTOS DE FUNCIONAMENTO DA ENTIDADE CORRESPONDENTES Ó ANO 2020 E PROGRAMA AEVAemprégTEII.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor da Asociación Empresarial de Valdeorras, nos seguintes termos:

-Importe: 30.000,00 €.

-Obxecto: Gastos de funcionamento da entidade correspondentes ao ano 2020 e programa AEVAemprégaTE II.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

De conformidade co artigo 15.1 b) da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, para considerar xustificada a subvención deberá acreditarse a realización dun investimento por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención (orzamento de gastos de funcionamento de 26.700,00 euros e orzamento do proxecto AEVAemprégaTE II de 3.300,00 €). No suposto en que só se xustifique unha contía inferior, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de ser tida en conta na valoración efectuada para a concesión, tivese dado lugar á denegación da subvención.

Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda manténdose a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de ter sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25% do orzamento presentado coa solicitude de subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións

subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas e xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza Xeral de Subvencións, as subvencións, como regra xeral, serán aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado.

Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ao do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE BEARIZ PARA REMATE DO CENTRO SOCIAL DE ALVITE.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Beariz, nos seguintes termos:

-Importe: 9.100,00 €.

-Obxecto: Remate do Centro Social de Alvite, en Beariz.

-Xustificación: A subvención xustificárase mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.
- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do orzamento presentado (9.123,40 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como

xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CORTEGADA PARA OBRAS DE HUMANIZACIÓN NA RÚA OTERO NOVAS (ACCESO Ó BALNEARIO HISTÓRICO).- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Cortegada, para a execución da obra *Humanización R/Otero Novas (acceso ó Balneario Histórico)*, polo importe de 48.116,13 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE LAROUÇO PARA OBRAS DE ACONDICIONAMENTO CAPA DE RODADURA DO CAMIÑO DE LAROUÇO A FREIXIDO.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Larouco, para a execución da obra *Acondicionamento capa de rodadura do camiño de Larouco a Freixido*, polo importe de 39.479,99 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE MELÓN PARA APERTURA DO PAI: REFORMA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA O PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Aprobar unha subvención a favor do Concello de Melón, nos seguintes termos:

-Importe: 48.000,00 €.

-Obxecto: Apertura do PAI: “Reforma e acondicionamento de local para Punto de Atención á Infancia”.

-Xustificación: A subvención xustificarse mediante a presentación de certificado expedido pola persoa que teña ao seu cargo o desempeño das funcións de intervención do concello beneficiario, no que se acrediten respecto da actuación subvencionada, os seguintes extremos:

- 1.- Que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención.
- 2.- Que a xustificación da subvención concedida se refire ao mesmo proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, indicando, de ser o caso, se houbo algunha variación con respecto ao proxecto inicial.

- 3.- Que a xustificación da subvención de referencia, acada o 100% do importe do orzamento presentado (48.396,22 euros), indicando, en caso contrario, a porcentaxe que supón.
- 4.- Que os documentos xustificativos do gasto foron aprobados polo órgano competente.
- 5.- Que a entidade se atope ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda Estatal, Autonómica e coa Seguridade Social.
- 6.- Relación das subvencións concedidas á entidade local beneficiaria para a mesma finalidade, indicando o seu importe e os conceptos subvencionados.

Poderán realizarse pagamentos a conta, previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse os xustificantes correspondentes. En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificativo do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Sen prexuízo do anterior, poderán realizarse pagos anticipados, a instancia dos interesados, suxeitos á constitución de garantía, segundo o establecido no dito artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións e coas excepcións correspondentes, por importe do 100% do anticipo solicitado. Non obstante o anterior, estarán exentos de prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pago coa Deputación por un importe que supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante, nestes supostos as entidades locais deberán acompañar certificación expedida polo funcionario encargado da intervención, expresiva do importe dos recursos ordinarios do último exercicio liquidado da entidade.

De acordo co establecido no artigo 16 da Ordenanza xeral de subvencións, as subvencións, como regra xeral, seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no

prazo máximo de trinta días naturais dende que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

-Prazo xustificación: ata o 30 outubro de 2020.

O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes de finalizar o prazo de xustificación establecido no acordo de resolución.

15.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE OÍMBRA PARA OBRAS DE ABASTECIMIENTO, SANEAMIENTO E PAVIMENTACIÓN EN CASAS DE MONTES.-

De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Oímbra, para a execución da obra *Abastecemento, saneamento e pavimentación en Casas de Montes*, polo importe de 45.120 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

16.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE PUNXÍN PARA OBRAS DE MELLORA DE CAMIÑOS DE SANTOMÉ.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Punxín, para a execución da obra *Mellora de camiños de Santomé*, polo importe de 35.846,25 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

17.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE TRASMIRAS PARA OBRAS DE MELLORA DA PORTA DE ACCESO A EXPLOTACIÓNS.- De conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a Xunta de Goberno, por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

Conceder unha subvención nominativa a favor do Concello de Trasmiras, para a execución da obra *Mellora da porta de acceso a explotacións*, polo importe de 48.000 euros, coas seguintes condicións:

A contratación do investimento subvencionado será realizada directamente pola Deputación Provincial de Ourense, a través da súa Sección de Contratación. A subvención entenderase xustificada coa execución do seu obxecto pola Deputación.

A dirección facultativa da execución das obras e a coordinación de seguridade e saúde, corresponderá aos técnicos designados polo concello, a través dos que a administración municipal poderá dispoñer da información necesaria sobre a execución das obras así como controlar a súa correcta execución.

Concluída a execución da actuación subvencionada, comunicarse ao concello para os efectos de que designe un representante que poida asistir ao acto de recepción da obra, en virtude do cal, e sempre que o concello amose a súa conformidade na correspondente acta, as obras entenderanse entregadas ao concello beneficiario.

A desconformidade do concello coa recepción da obra deberá ser motivada por causas non imputables á dirección facultativa das obras, e dará lugar á incoación e tramitación por parte da Deputación dos procedementos necesarios para a súa resolución.

18.- ASUNTOS DE URXENCIA.- Non se suscitaron.

19.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

20.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás once horas e quince minutos do referenciado día catro de agosto do ano dous mil vinte, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará electronicamente.

